

## LICITACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2016 aprobouse o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación mediante procedemento aberto, tramitación urxente, cun único criterio de adxudicación, para a contratación da obra denominada, “**Mellora e mantemento de accesos a Sabarei de Arriba-Revolta; Ctra Fanadeiros-Sabarei; O Novo-LU 546-Manán de San Cosme-Hospital; de CM 014-039 (N-VI-Vilaceleiro)-a Segovia e de Queizán de Abaixo a Os Muiños**”.

Polo presente anuncio, e de conformidade co previsto no artigo 142 do Real Decreto 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, faise licitación pública do contrato de referencia, coas características que se relacionan:

### **1. Entidade adxudicadora.**

Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de O Corgo.
- b) Dependencia na que se tramita o expediente: Secretaría.
- c) Obtención de documentación e información:
  - 1) Dependencia: Secretaría.
  - 2) Domicilio: Estrada N-VI, s/n, O Corgo, Lugo.
  - 3) Localidade e código postal: O Corgo, 27163.
  - 4) Teléfono: 982 302100
  - 5) Fax: 982 302068
  - 6) Dirección de Internet do perfil do contratante: [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)
  - 7) Data límite de obtención de documentación e información: 13 días naturais a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

### **2. Obxecto do contrato:**

- a) Tipo: obras.
- b) Descrición: Mellora e mantemento de accesos a Sabarei de Arriba-Revolta; Ctra Fanadeiros-Sabarei; O Novo-LU 546-Manán de San Cosme-Hospital; de CM 014-039 (N -VI-Vilaceleiro)-a Segovia e de Queizán de Abaixo a Os Muiños.
- c) Lugar de execución: término municipal de O Corgo.
- d) Prazo de execución: 2 meses.
- e) CPV: 45210000

### **3. Tramitación e procedemento:**

- a) Tramitación: urxente.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Criterios de adxudicación: oferta economicamente máis vantaxosa cun único criterio de valoración: o prezo.

### **4. Orzamento base de licitación :**

91.529 €, IVE 19.221,09 €

### **5. Garantías esixidas:**

Definitiva do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

### **6. Requisitos específicos do contratista:**

- a) Clasificación:

Non se esixe, nembargantes, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo obxecto do contrato acreditará a súa solvencia.
- b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: a esixida no prego de cláusulas administrativas.

### **7. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación.**

- a) Data límite de presentación: 13 días naturais a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.
- b) Hora límite: 15:00 horas.

c) Lugar de presentación:

- 1) Dependencia: Rexistro Xeral do Concello do Corgo.
- 2) Dirección: Estrada N-VI, s/n, O Corgo, Lugo.
- 3) Localidade e código postal: O Corgo, 27163.
- 4) Fax: 982302068

**8. Apertura de ofertas:**

a) Dependencia: Salón de sesión da Casa do Concello do Corgo.

Dirección: Estrada N-VI, s/n, O Corgo, 27163 Lugo.

b) Data e hora: quinto día hábil (agás sábados) seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de proposicións, ás 10:00 horas.

**9. Gastos de publicidade:** por conta do adxudicatario.